

Preguntas dos exames ABAU sobre os bloques 3.1 e 5, adicados á parte de sedimentación e procesos xeolóxicos externos:

1. Responde as seguintes cuestións relacionadas cos procesos externos (3 puntos, 1 punto por cuestión): **(XUÑO 2017)**

1.1. Define termoclastia e crioclastia (xelifración), indicando en que tipo de clima se producen.

1.2. Explica o proceso de formación do “karst”.

1.3. En relación aos procesos gravitacionais, explica en que consisten reptación e solifluxión.

1. Responde as seguintes cuestións relacionadas cos procesos externos (3 puntos, 1 punto por cuestión): **(XUÑO 2017)**

1.1. Dadas as seguintes formas do modelado litoral, descríbeas e sinala cales son debidas a procesos de erosión e cales a sedimentación: rasa, frecha, marisma, delta e farallón.

1.2. Describe os procesos de meteorización química nos que intervén a auga.

1. 3. Describe as propiedades de textura e estrutura do solo.

1. Responde as seguintes cuestións relacionadas cos procesos externos (3 puntos, 1 punto por cuestión): **(SETEMBRO 2017)**

1.1. Describe os procesos de meteorización química nos que intervén a auga.

1.2. Realiza un esquema do perfil do solo, definindo os principais horizontes.

1.3. Compara as formas de transporte e as características dos sedimentos que se orixinan no medio fluvial e no medio glaciar.

1. Responde as seguintes cuestións relacionadas cos procesos externos (3 puntos, 1 punto por cuestión): **(XUÑO 2018)**

1.1. Con relación a un glaciar de montaña describe: circo glaciar, lingua glaciar e morenas.

1.2. Define diaxénese e os procesos dos que consta.

1. 3. Describe polo menos 4 factores que inflúen na formación do solo.

1. Responde ás seguintes cuestións relacionadas cos procesos externos (3 puntos, 1 punto por cuestión): **(XUÑO 2019)**

1.1. Explica que é a chaira de inundación dun río, e que son os meandros e como evolucionan.

1.2. Indica os principais compoñentes do solo, e explica as propiedades de textura e estrutura do solo.

1.3. Explica os principais procesos e formas de erosión e sedimentación eólica.

1. Responde ás seguintes cuestións relacionadas cos procesos externos (3 puntos, 1 punto por cuestión): **(XUÑO 2019)**

1.1. Establece as diferenzas entre meteorización física e química, e describe para cada unha un exemplo concreto.

1.2. Define a diaxénese e os procesos dos que consta.

1.3. Indica que axente xeolóxico orixina as seguintes formas de modelado:

a. reg b. morena (ou morea) c. abano aluvial d. sima e. plataforma de abrasión.